

Directorio de empresas e unidades locais. Ano 2003

COMUNICADO

REXISTRADAS 179.536 EMPRESAS ACTIVAS EN GALICIA

As 179.536 empresas activas en Galicia a principios do 2003 supoñen un incremento do 2,9% comparadas coas rexistradas o ano anterior. Os grupos máis dinámicos foron as medianas empresas (5,3%), as clasificadas na rama da construción (4,6%), e as que tiñan á súa sede social en Pontevedra (3,8%).

As empresas de servizos representan o 78% do total

O reparto sectorial amosa unha elevada concentración de empresas no sector servizos. Destacan os comerciais co 31% do total de empresas, os servizos empresariais (15%), e a hostalería (12%).

O 55% das empresas rexistradas non tiña asalariados

Na poboación empresarial predominan as microempresas (menos de 10 asalariados), que representan o 95% do total, e dentro delas as empresas sen asalariados. Cada empresa emprega por termo medio 3 asalariados. Por riba deste promedio están as sociedades (8 asalariados por empresa), as industrias (10 asalariados por empresa), e as empresas con sede fóra de Galicia (22 asalariados por empresa). O 83% das empresas sen asalariados pertence ó sector servizos. Na industria están o 28% das que teñen 10 ou máis asalariados.

O 73% das empresas teñen á súa sede social nas provincias da Coruña e Pontevedra

A Coruña é a provincia con máis empresas (40,5%), seguida de Pontevedra (32,8%), Lugo (12,6%) e Ourense (12,1%). As empresas con sede social fóra da rexión representaban o 2% das activas en Galicia. As comarcas das sete grandes cidades concentraban o 58% de empresas e o 60% de asalariados. O recento por concello tamén coloca ós das sete cidades nas primeiras posicións (xuntos sumaban o 41% de empresas e o 43% de asalariados). Nos postos seguintes estaban os concellos de Carballo, Vilagarcía, Oleiros, Arteixo, Narón e Redondela.

O 83% das empresas seguen activas

O 83% das unidades activas xa figuraban na mesma situación o ano anterior. Entre as dúas datas de referencia producíronse 19.202 altas e 14.169 baixas.



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es